



Guía Docente						
Datos Identificativos				2012/13		
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 2		Código	613G02008		
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6		
Idioma	Inglés					
Prerrequisitos						
Departamento	Filoloxía Inglesa					
Coordinación	Lezcano Gonzalez, Emma	Correo electrónico	emma.lezcano@udc.es			
Profesorado	Lezcano Gonzalez, Emma	Correo electrónico	emma.lezcano@udc.es			
Web						
Descripción xeral	<p>Esta materia ofrece formación teórico-práctica na descripción e uso da lingua inglesa de maneira que se garanta un dominio práctico da mesma a un nivel intermedio-alto. O alumnado debería conseguir consolidar ?unha vez que se cubran os contidos da materia? moitas das competencias do nivel B2 dentro dos seis niveis que se distiguen no Marco Europeo de Referencia. Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensinanza-aprendizaxe.</p> <p>Aínda que non existe ningún prerrequisito oficial, é recomendable que os/as estudiantes superen previamente a materia Lingua inglesa 1 ou teñan un nivel equivalente ao establecido para esa materia.</p>					

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Seguir con facilidade unha conversa sobre asuntos cotiáns ou de carácter xeral, participar espontáneamente e ser capaces de relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade.		A6	B4 C2
Entender as ideas principais dun discurso extenso oral ou escrito, seguir liñas argumentais complexas e identificar as conclusións sempre que o tema sexa relativamente coñecido.		A6	B4 C2
Comprender casi todas as noticias da televisión, programas sobre temas actuales ou películas sempre que se fale un nivel de lingua estándar.		A6	B3 C2
Tomar parte activa en debates desenvolvidos en situación cotiáns explicando e defendendo puntos de vista.		A6 A15	B5 C2



Expoñer un tema coñecido sobre os campos semánticos traballados ou outros relacionados para que poida ser seguido sen dificultades, explicar os puntos significativos con razonable precisión e ser capaz de contestar as preguntas que xorden.	A6 A9 A15	B1 B3 B5 B6	C3
Escribir textos ben enlazados e gramaticalmente correctos sobre temas diversos, transmitindo información ou propoñendo motivos que apoien ou refuten un punto de vista concreto.	A6 A9 A15	B3 B4 B6	C2
Redactar o currículum vitae, cartas solicitando traballo ou informes sinxelos con corrección.	A6 A15	B1 B3	C2
Amosar creatividade e imaxinación nos traballos elaborados en lingua inglesa.	A6	B3	C2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Grammar	1.1. Conditional sentences 1.2. Relative clauses 1.3. Non-finite clauses 1.4. Reported speech 1.5. Adverbial clauses 1.6. Prepositions and conjunctions 1.7. Multi-word verbs 1.8. Word formation 1.9. Idioms
2. Vocabulary	2.1. Work and money 2.2. The arts and entertainment 2.3. The media 2.4. Health and fitness 2.5. Science and technology 2.6. The law and crime
3. Reading	Reading comprehension passages from different sources will be used together with other supplementary authentic materials to present some of the topics, to consolidate the students' vocabulary and as a basis for some of the exercises, inside and outside the classroom.
4. Writing	Students will have to hand in several pieces of writing based on the topics in 1 or 2 above. The guidelines for each writing assignment will be duly given in the classroom.
5. Listening	This part will focus on listening and audiovisual comprehension exercises, from textbooks or authentic sources, which will be done in the classroom or outside the classroom, as part of the self-learning process.
6. Speaking	Speaking will be mainly practised in small groups by means of class discussions or different speaking activities proposed by the teachers or the students. Apart from that, English will be used as a vehicle of communication between the teachers and the students in the classroom.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	2	0	2
Sesión maxistral	10	15	25
Seminario	13	14	27



Discusión dirixida	7	3	10
Traballos tutelados	4	15	19
Proba obxectiva	0	11	11
Proba oral	0	6	6
Portafolios do alumno	2	18	20
Lecturas	0	10	10
Aprendizaxe colaborativa	4	15	19
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa lingua inglesa en xeral e coa materia en particular, en que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado así como sobre as súas competencias iniciais en lingua inglesa, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de lles transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Seminario	Nesta materia denomináñanse seminarios aquelas aulas de carácter práctico en que se desenvolven as catro destrezas arredor dun tema dos que se poden atopar nos contidos ou outros que podan ser de interese xeral. Deste xeito, haberá seminarios de lectura, redacción e comprensión audiovisual case todas as semanas do curso.
Discusión dirixida	Nesta materia chamámoslle discusión dirixida ás actividades desenvolvidas polo alumnado en grupos pequenos, coordinados pola profesora lectora, en que porán en práctica a súa destreza oral en lingua inglesa e se debaterán temas de forma libre, informal, espontánea e sinxela.
Traballos tutelados	Os alumnos deberán realizar un traballo en grupo ("project") sobre un tema que se especificará ao inicio do curso. Con este traballo preténdese promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado, baixo a tutela da profesora así como a aprendizaxe colaborativa. O "project" exporase en clase e entregaráse tamén unha versión escrita súa.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de respuesta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación, entre outras.
Proba oral	Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista coas profesoras individualmente ou por parellas. Os estudiantes terán tamén que ler un texto en voz alta e tal vez improvisar situaciones suxeridas polas profesoras, que poderán usar textos ou material audiovisual como apoio durante a proba.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno ou alumna nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas pola profesora, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. Na nosa materia deberán incluirse no portafolios todas as redaccións realizadas ao longo do curso coas correccións e comentarios das profesoras e a posterior versión revisada, así como todo o traballo persoal que o alumno desenvolva fóra da aula que dea conta do seu esforzo e progreso na materia. Valorarase especialmente a inclusión dun diario de aprendizaxe escrito en inglés e feito con orixinalidade e creatividade.
Lecturas	Nesta materia chamarémoslle lecturas a todo o material que o estudiantado terán que ler fóra da aula para a realizaciónalgúns exercicios de reading comprehension así como todas as lecturas que poidan facer en inglés para outras materias. Tamén se considerarán "lecturas" a lectura de xornais, revistas, foros de internet, etc. en lingua inglesa, actividade que recomendaremos desde o primeiro día de clase.
Aprendizaxe colaborativa	A elaboración do "project" fomentará a aprendizaxe colaborativa do alumnado posto que traballarán de forma presencial e non-presencial en pequenos grupos de xeito conxunto, compartindo información e habilidades, e dirixidos pola profesora que optimizará a aprendizaxe de todos os membros do grupo.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Para a realización do "Project" é fundamental que o estudiantado informe a profesora ao longo do trimestre dos avances que vai facendo o grupo. Con ese fin, o grupo terá que entregar dúas fichas antes do trabalho final e comentar o contido das fichas coa profesora ou profesoras.
Portafolios do alumno	<p>As profesoras corrixirán ao longo do curso catro redaccións de cada alumno/a. Os estudiantes deberán ter en conta os seus errores ou carencias e comentalos coas profesoras antes de reescribir os traballos para incluílos no portafolios. Asemade, poderán facer todo tipo de consultas ou peticións de orientación sobre o material de autoaprendizaxe que queiran manexar e incluír no portafolios.</p> <p>Ao menos dúas veces ao cuatrimestre todos o alumnado debería facer unha titoría coa(s) profesora(s), ben en persoa nas horas de titoría, ben por correo electrónico ou plataforma virtual. Nesa titoría farase un seguimento individualizado de cada alumno e alumna e os seus progresos.</p>

Avaliación		
Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Sesión maxistral	Os coñecementos acadados na sesión maxistral avaliaranse a través de dúas probas prácticas de uso da lingua inglesa, que se realizarán na aula ao longo do cuatrimestre.	10
Seminario	A avaliación das competencias que o alumnado debe acadar tras participar nos seminarios realizarase a través dun exercicio de "reading comprehension" (5 puntos) e dous exercicios de "listening comprehension" (10 puntos) que se levarán a cabo na aula ao longo do cuatrimestre.	15
Discusión dirixida	Nas clases prácticas de inglés oral coa lectora avaliaranse todas as intervencións do estudiantado ao longo do cuatrimestre.	5
Traballos tutelados	O "project" suporá un 10 por cento da nota final. Avaliarase a súa exposición oral e a parte escrita así como o traballo realizado polo grupo ao longo do cuatrimestre.	10
Proba obxectiva	No período de avaliação de xuño o alumnado terá que realizar unha proba obxectiva de "Use of English" (20 puntos), "Reading comprehension" (5 puntos), "Listening Comprehension" (5 puntos) e "Writing" (5 puntos).	35
Proba oral	Todos o alumnado realizará unha proba oral ao final do cuatrimestre ou no período da avaliação en que deberá amosar as súas competencias comunicativas en lingua inglesa.	5
Portafolios do alumno	No portafolios avaliaremos as "writing tasks" (10 %) realizadas ao longo do curso. O 5% restante avaliará todo aquel material distinto aos traballos de redacción obligatorios que de conta do progreso do alumno no proceso de aprendizaxe. Valorarase a orixinalidade, a creatividade, a implicación persoal e a transversalidade, e moi especialmente a realización dun diario de aprendizaxe en lingua inglesa.	15
Lecturas	Será obrigatorio ler unha narración breve en lingua inglesa e contestar a unha serie de preguntas sobre ela por escrito.	5

Observacións avaliação



A avaliación total por destrezas distribúese deste xeito:

Use of English: 35 (2 probas prácticas availables feitas na aula: 10%; traballo tutelado 5%; proba obxectiva: 20%)

Reading: 15 (1 exercicio práctico available feito na aula: 5%; lectura de narración breve: 5%; proba obxectiva: 5%)

Writing: 15 (un mínimo de 4 redaccións: 10%; proba obxectiva: 5%)

Speaking: 15 (discusión dirixida 5%; traballo tutelado 5%; proba oral 5%)

Listening:

15 (2 exercicios prácticos availables: 10%; proba obxectiva: 5%)

O 5%

restante avalia o progreso xeral do alumnado segundo se reflicte no seu portafolios.

IMPORTANTE: Para superar a materia, a suma das distintas probas, project e demás actividades availables deberá ser 5 sobre 10, tendo en conta que a cualificación mínima das probas obxectivas de Use of English e das probas que avalían as catro destrezas deberá ser de 4 puntos sobre 10. Os alumnos que acaden máis dun 5 nas probas prácticas de "Use of English" feitas ao longo do cuatrimestre estarán exentos da parte de "Use of English" na proba obxectiva de xuño.

Nese caso, as dúas probas pasarían a supoñer un 30% da nota final, en lugar do 10%. Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de traballos e actividades se estes son entregados fóra de prazo sen causa xustificada. Os alumnos/as que non se presenten o día das probas obxectivas de xuño ou xullo acadarán a cualificación de NP, se non entregaron máis do 50% de actividades durante o curso.

AVALIACIÓN

XULLO: Os/as estudiantes que en xuño non superen a materia ou aqueles/aquellos que non presenten o "Project" ou o 50% das redaccións así como os/as que non realicen ao menos un 50% dos exercicios prácticos de "Use of English", "Reading" e "Listening", ou aqueles que teñan menos dun 4 nalgúnha das partes ?aínda que a nota total sexa superior a 5? terán que ir á oportunidade de xullo, na que o alumnado terá que demostrar ter alcanzado as competencias da materia nas porcentaxes totais establecidas mediante a superación de probas nas distintas destrezas, redaccións sustitutorias das feitas na aula, traballo escrito e defensa do mesmo en sustitución do "project", lectura dunha narración breve distinta á proposta durante o cuatrimestre, e unha entrevista oral individual coa profesora, segundo se lles informará antes do mes de xullo. Alumnado con dispensa: O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso para planificar, en cada situación concreta e individual, os axustes necesarios na avaliación, no tocante as porcentaxes de "discusión dirixida", "lecturas", "traballo tutelados", "seminario" e "portafolios".

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías